

FESTIVAL FONDESOL 2023

Boa Vista-Brasil



Non vos imaxinades a ilusión que nos fai dende o Equipo de Pastoral informarvos que imos voltar a organizar o **Festival Solidario FONDESOL**.

BASES PARA O FESTIVAL

- **Data do Festival:** Xoves, 30 de marzo de 2023
- **Hora:** 19.00 horas.
- **Lugar:** Salón de Actos do Colexio (aforo limitado polo nº de butacas).
- **Prezo:** 5 €
- Haberá **FILA CERO**, para aqueles que, querendo colaborar, non poidan asistir.

PARA PARTICIPAR (INSCRICIÓN)

- Actuacións variadas (cancións, baile, monólogos,...). O número de actuacións será limitado (12). As actuacións non deben exceder os 3 minutos.
- Para inscribirse no Festival deberán cubrir a ficha de inscrición que poderán solicitar na secretaría ou aos titores.
- Existirá unha dirección de correo electrónico (pastoralou@ourense.anamogas.org) no que poderán facer calquera consulta que precisen. Tamén poderán dirixirse a Cristina Andrés (mestra de Infantil), Ángeles Seguí (mestra de Primaria) e Marta González Fernández (profesora de Bacharelato)
- Admítense artistas ou grupos de fóra sempre e cando cumplan os requisitos arriba mencionados.
- **A data límite para apuntarse será o venres 17 de marzo.**

ENSAIOS:

- Os artistas poderán ensaiar no Salón de Actos do Colexio durante a semana do Festival. As tardes establecidas para estes efectos serán **o 28 e 29 de marzo** e avisarase dos mesmos a través dunha chamada telefónica, correo electrónico ou persoalmente. Os ensaios sempre estarán baixo o control dalgún responsable da organización do festival.

ESPECTADORES:

- Todo o mundo pode asistir, estea ou non vinculado co Colexio.

- A **venta de entradas anunciarase por distintos medios** e realizarase na Secretaría do Colexio, nas semanas previas ao Festival.

VOLUNTARIADO:

- Os alumnos de ESO e BACH. participarán voluntariamente en servicio de sala, apoio en control e caixa escénica durante o Festival.

GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN